

# dun traballo terminolóxico en galego

## *Brief introduction to the Terminology. Example of elaboration of a terminological work in Galician*

**Laura MONTES GARCÍA**

Universidade de Vigo  
Observatorio de Neoloxía  
lauramg@uvigo.es

[Recibido, decembro 2007; aceptado, febreiro 2008]

### RESUMO

O presente artigo divídese en dúas partes ben diferenciadas. Unha primeira parte onde se fai unha pequena aproximación á teoría terminolóxica. Para isto comezamos polo repaso de diferentes traballos e persoas dende o s. XVI ata os nosos días. Logo tentamos delimitar e definir a disciplina á quen nos estamos a referir e o seu obxecto de estudo.

A segunda parte consiste na descrición dos pasos que seguimos para elaborarmos un pequeno traballo terminolóxico sobre a lingua da ecoloxía. Os termos foron extraídos da sección “O noso planeta” da revista *O correo da Unesco*.

**PALABRAS CHAVE:** Terminoloxía, metodoloxía, baleirado, ficha terminolóxica, definición.

MONTES GARCÍA, L. (2008): “Breve introducción á Terminoloxía. Exemplo de elaboración dun traballo terminolóxico en galego”. *Madrygal (Madr.)*, 11: 41-48.

### RESUMEN

El presente artículo se divide en dos partes bien diferenciadas. Una primera parte donde se hace una pequeña aproximación a la teoría terminológica. Para esto comenzaremos por el repaso de diferentes trabajos y personas desde el s. XVI hasta nuestros días. Después intentamos delimitar y definir la disciplina a la que nos estamos a referir y a su objeto de estudio.

La segunda parte consiste en la descripción de los pasos que seguimos para elaborar un pequeño trabajo terminológico sobre la lengua de la ecología. Los términos fueron extraídos de la sección “O noso planeta” de la revista *O correo da Unesco*.

**PALABRAS CLAVE:** Terminología, metodología, vaciado, ficha terminológica, definición.

MONTES GARCÍA, L. (2008): “Breve introducción a la Terminología. Ejemplo de elaboración de un trabajo terminológico en gallego”. *Madrygal (Madr.)*, 11: 41-48.

### ABSTRACT

This article is divided into two distinct parts. One area that is a little closer to the theory terminologic. To begin this review by the different papers and people from s. XVI until today. After trying to define and delimit the discipline to which we refer to as its object of estudio.

The second part consists of a description of the steps we take to develop a small terminology work on the language of ecology. The terms were extracted from the section “O noso planeta” into the magazine *O correo da Unesco*.

**KEY WORDS:** Terminology, methodology, baleirado, terminological card, definition.

MONTES GARCÍA, L. (2008): “Brief introduction to the Terminology. Example of elaboration of a terminological work in Galician”. *Madrygal (Madr.)*, 11: 41-48.

**SUMARIO:** 1. Introducción. 2. Delimitación e definición da disciplina. 3. Metodoloxía. 4. Ficha terminolóxica. 5. Bibliografía e referencias bibliográficas.

## 1. INTRODUCCIÓN

Durante o s. XVI comézase a estudar, non é o caso da lingua galega, as linguas chamadas vulgares, e consecuentemente tamén se comezan a estudar certos problemas terminolóxicos, tamén na lingua latina. Por exemplo, Andreas Versalius<sup>1</sup> (1514-1564) contribúe ao desenvolvemento da terminoloxía da anatomía. No s. XVIII, co auxe do cultivo das ciencias e co progresivo desprazamento da lingua latina como lingua científica, nace o interese por superar a creación desordenada de denominacións e establecer regras sistemáticas de creación de termos. Lavoisier<sup>2</sup> (1743-1794) e posteriormente Berthelot (1827-1907), entre outros, idean unha nomenclatura química unificada. Carl von Linné (1707-1778) especialista en botánica e zooloxía, disciplinas nas que crea a súa nomenclatura binaria, bota man do latín para as necesidades de fornecemento de léxico especializado nas disciplinas que manexaba e a súa obra *Fundamenta Botanica* (1736) é un alicerce da investigación terminolóxica.

No s. XIX é, por mor da internacionalización progresiva da ciencia e cunha necesidade cada vez maior de comunicación entre os diferentes especialistas, cando se empeza a manifestar a necesidade clara crear unhas nomenclaturas específicas para as diferentes disciplinas que se estaban a desenvolver nese momento.

Tamén neste século, os botánicos, xeólogos e químicos expresan a necesidade de ter regras de formación de termos e deciden traballar para sistematizar o seu ámbito de traballo. Pero non só se desenvolven as disciplinas científicas, senón

tamén as técnicas, polo que se crea a necesidade de unificar os termos.

No s. XX desenvólvese a disciplina, da man dos técnicos e non dos lingüistas. Derivado disto, en 1930 Eugen Wüster (1898-1977) realiza a súa tese *Internationale Sprachnormung in der Technik, besonders in der Elektrotechnik (A Normalización Internacional da Linguaxe Técnica, con especial énfase na Electrotécnica)*. Foi o mentor da Escola de Viena e foi considerado o pai da práctica da terminoloxía. Outra figura importante foi D. S. Lotte (1889-1950).

A partir de 1930 o proceso desenvólvese nunha progresión xeométrica. Teresa Cabré (1993:39) seguindo a Auger (1988) establece catro períodos:

### 1) AS ORIXES (1930-1960)

Establécese a metodoloxía de traballo, a sistematización de termos e o recoñecemento da terminoloxía internacionalmente. Wüster expón os motivos que xustifican a sistematización dos métodos de traballo en Terminoloxía, establece os principios que deben presidir os traballos sobre os termos e diseña as grandes liñas dun tratamento dos datos terminolóxicos.

### 2) ESTRUTURACIÓN (1960-1975)

Comeza a empregarse a macroinformática e as técnicas documentais como ferramentas para a elaboración da terminoloxía. Isto permitiu a creación de bases de datos de diferentes disciplinas, o que favoreceu que se tivera acceso a unha gran cantidade de información e que o proceso de recollida de datos se realizase máis rápido e se puidera empezar á organización internacional dos termos. Comeza a considerarse a terminoloxía como necesaria para a normalización das linguas. En 1969 Wüster publica por primeira vez un artigo teórico, “Die vier Dimensionen der Terminologiarbeit”, que presenta as dimensións do traballo terminolóxico: o campo de especialidade, as linguas, o propósito (manipular documentos, usar terminoloxía, investigar sobre un campo de especialidade) e a práctica. En 1971 créase Infoterm (*Internationales Informationzentrum für Terminologie*) inspirado nun informe de Wüster.

<sup>1</sup> *De Humanis Corpora Fabrica*, (1543).

<sup>2</sup> *Méthode de nomenclature chimique* (1787).

### 3) ECLOSIÓN (1975-1985)

Empézasase a establecer a relación da terminoloxía con outras disciplinas. Quedan moi claros os límites entre a terminoloxía e a planificación lingüística, sobre todo en linguas que se están a separar da protección doutra, como é o caso do hebreo. Daquí xorde en Québec a escola dedicada á normalización e a planificación lingüística. Nesta época, xa postumamente, publícase *Einführung in die Allgemeine Terminologie* und *die Terminologische Lexikographie (Introdución á teoría xeral da terminoloxía e á lexicografía terminolóxica)* de E. Wüster onde se recolle a súa Teoría Xeral da Terminoloxía.

### 4) AMPLIACIÓN (1985)

O máis importante é o incremento da cooperación internacional xa que se crean centros de terminoloxía en cada país, así como redes internacionais que permiten intercambiar información e colaboración na formación de terminólogos. Cómpre destacar a creación do TERMCAT (*Terminoloxía catalá*) en 1985, en 1986 o RINT (*Réseau International de Néologie et Terminologie*) o RITERM (*Red Iberoamericana de Terminología*) en 1988, REALITER (Rede Panlatina de Terminoloxía) en 1993, e en 1997 AETER (Asociación Española de Terminoloxía). En 1998 comeza os seus traballos o TERMIGAL.

A informática evoluciona notablemente polo que os terminólogos dispoñen de instrumentos e recursos de traballo que favorecen a realización de diferentes proxectos. Hai que mencionar tamén o florecemento dun novo mercado nas industrias da linguaxe. Tamén xorde nese momento dunha maneira clara Centro de Terminoloxía en linguas que estaban supeditadas a outras.

## 2. DELIMITACIÓN E DEFINICIÓN DA DISCIPLINA

Segundo Cabré (1993) a terminoloxía está relacionada co estudo e uso dos sistemas de símbolos e signos lingüísticos utilizados para a comunicación humana en áreas especializadas do coñecemento e noutras actividades non especializadas que transmiten léxico que transmite coñecemento científico, técnico ou humanístico.

Se interpretamos a lingüística no seu sentido máis amplo, podemos afirmar que a terminoloxía é unha disciplina lingüística, que fai especial énfase

na semántica e na pragmática. Tamén é interdisciplinaria xa que recolle conceptos e métodos, entre outras disciplinas, da semiótica, da epistemoloxía, etc. Está intimamente ligada a aqueles campos temáticos que necesitan a descrición e a clasificación do seu léxico. Aínda que no pasado se relacionou sobre todo cos aspectos léxicos das linguaxes de especialidade, o seu alcance esténdese á sintaxe e á fonoloxía.

Pola súa aplicación, a terminoloxía está relacionada coa lexicografía e utiliza as técnicas das ciencias da información e da informática.

A terminoloxía pode responder á consecución de distintas finalidades todas relacionadas co mundo da comunicación:

- Para os lingüistas, é unha parte do léxico. Especialízase por criterios temáticos e pragmáticos.
- Para os especialistas, é o reflexo formal da organización conceptual dunha especialidade, e un medio inevitable de expresión e comunicación profesional.
- Para os usuarios, é un conxunto de unidades de comunicación, útiles e prácticas, cun valor que se mide en función de criterios de economía, de precisión e de adecuación.
- Para os planificadores lingüísticos, a terminoloxía é unha parte da linguaxe onde se debe intervir para reafirmar a existencia, a utilidade e a supervivencia dunha lingua, e para garantir, mediante a súa modernización, a súa continuidade como medio de expresión.

Esta disciplina está condicionada polas necesidades que a sociedade ten e que están motivadas por diferentes causas:

- a evolución da ciencia e a técnica.
- os cambios nas relacións internacionais.
- a importancia que adquiriu a información e a comunicación.
- o carácter pragmático das relacións sociais e os intercambios
- a afirmación máis xeral das linguas propias.

O termo terminoloxía é polisémico e remítenos a tres nocións:

- a) A disciplina, que ten base lingüística e está relacionada coa teoría do coñecemento e da comunicación.

- b) A práctica. A metodoloxía terminográfica, o conxunto de directrices ou principios que rexen a compilación de termos.
- c) Conxunto de termos dunha determinada especialización. Así, fálase da terminoloxía da química, da medicina...

Existen tres diferentes posicións na concepción de terminoloxía como materia de estudo, que responden tamén a teorías distintas.

1) A terminoloxía é unha disciplina autónoma, que está dotada de fundamentos propios, aínda que conectada historicamente con outras disciplinas. A Teoría Xeral da Terminoloxía<sup>3</sup> defende esta postura. Wüster considera a terminoloxía como unha materia de cruzamento entre a lingüística, a ciencia cognitiva, a ciencia da información, a comunicación e a informática. As unidades terminolóxicas son, polo tanto, unidades da linguaxe (lingüística), elementos de cognición (ciencia cognitiva) e vehículos de comunicación (teoría da comunicación).

2) A terminoloxía non é unha disciplina autónoma. Para uns é parte da lingüística, para outros a filosofía e para outros as especialidades.

3) Para Teresa Cabré (2000: 23)<sup>4</sup> a terminoloxía concíbese como un campo interdisciplinario, de base lingüística que configurou a súa propia especificidade partindo da *teoría do coñecemento* que explica como se conceptualiza a realidade; da *teoría da comunicación* para describir os tipos de comunicación e os tipos de situacións comunicativas e da *teoría da linguaxe* que permite a descrición formal e semántica das unidades especializadas.

A terceira interpretación foi a que nos pareceu máis idónea xa que incide no carácter lingüístico da materia e é isto o que non interesaba para enfocar o traballo. A Teoría Comunicativa da Terminoloxía (TCT) está baseada en: define á terminoloxía como unha interdisciplina, constituída por elementos procedentes de base lingüística, da ontoloxía e das especialidades, ligada necesariamente á documentación á que serve e da que se serve. É usuaria, e os tempo contribuínte, das novas tecnoloxías da información.

<sup>3</sup> Esta teoría foi formulada por Wüster a partir da súa propia experiencia. A súa orientación era onomasiolóxica, o coñecemento sobre os conceptos precedía á selección das denominacións. No traballo terminolóxico partíase da estruturación dos conceptos para logo atribuírle a cada un destes conceptos unha denominación específica que se tomaría como referencia.

<sup>4</sup> Esta teoría foi formulada por M.<sup>a</sup> Teresa Cabré en varios traballos (1999, 2000, 2003 e 2006) e parte da constatación da variedade discursiva que se observa en todos os textos de especialidade.

## 2.1. OBXECTO DE ESTUDO

O obxecto de estudo deste campo interdisciplinario son as unidades de coñecemento especializado, coñecidas como termos ou unidades de significación especializada, xunto cos textos onde activan as súas características. As unidades de significación especializada son unidades lingüísticas que participan na comunicación (especializada ou non), que producen os interlocutores naturais.

## 3. METODOLOXÍA

### 3.1. INTRODUCCIÓN

Segundo Rey (1995: 132) a Terminografía se a entendemos como parte práctica da Terminoloxía está orientada á: “recompilación de contextos que documenten as unidades descritas, a preparación de definicións, a busca de equivalentes lingüísticos ou niveis de uso”.

O fin da terminoloxía, entre outros, é o tratamento dos termos para elaborar aplicacións de tipo lexicográfico.

Podemos dividir os traballos terminolóxicos en sistemáticos ou temáticos e específicos. Os traballos sistemáticos, á súa vez, pódense dividir en sistemáticos monolingües e plurilingües.

Os traballos específicos, seguindo a Rodríguez Río (2003), dentro da terminoloxía son os que xiran arredor dun ou varios termos dentro dun mesmo ámbito temático e perséguese resolver diferentes dúbidas.

A nosa metodoloxía de traballo está orientada á resolución dos problemas dun traballo sistemático monolingüe sen equivalencias. Baseámonos nos documentos metodolóxicos redactados polo Termcat (1990) e por Pavel (2001).

### 3.2. DESENVOLVEMENTO METODOLÓXICO

O noso primeiro paso para levar a cabo este traballo foi a escollo do tema, a ecoloxía.

Dedimos escoller este tema por diversos motivos. A ecoloxía estuda a interrelación entre

os seres vivos e o ambiente en que viven. Durante moitos anos mantívose esta disciplina dentro da Bioloxía sen acadar a independencia para crear unha nova ciencia ata comezos do s XX.

Esta disciplina é unha ciencia nova que cobrou actualidade e relevancia pola súa constante presenza nos medios de comunicación en contextos de divulgación.

Esta mención vén de que o home é a especie de todas as que existen na Terra que máis interactuou co medio natural xa que pasou de defenderse da natureza a cuantificar a acción antrópica como orixe de moitas alteracións do medio.

Logo eliximos o corpus para extraer os termos. Este corpus está formado polos textos correspondentes ao ano 2001 da sección “O noso planeta” d’ *O Correo da Unesco*.

Unha vez que tivemos os textos escollidos fixemos unha primeira peneira de extracción manual para logo introducilos nunha base de datos que se iría completando paulatinamente. A partir desta base e grazas ao Seminario de Lingüística Informática que nos cedeu algúns dos meses tratados en soporte informático decidimos escoller os termos de tres meses para a súa análise máis fonda.

### 3.3. DESCRICIÓN DO CORPUS

Como xa dixemos, o corpus analizado está formado polos textos correspondentes ao ano 2001 da sección “O noso planeta” da revista *O Correo da Unesco*. Estamos ante textos traducidos e non de textos elaborados nun primeiro momento en lingua galega.

Non son 12 números xa que os meses de agosto e setembro están unidos nun único exemplar e o mes de novembro é un monográfico sobre a auga polo que consideramos que tamén podería estar dentro do noso campo de traballo e decidimos introducir todo o número.

Como se pode observar, ao seren os textos analizados dunha revista son textos de divulgación científica polo que ao lado de termos como *evotranspiración* aparece *abastecerse ou agricultura*.

Toda a difusión de conceptos de orixe científica a nivel popular ten as súas vantaxes e os seus inconvenientes. Para os que se interesan por coñecer e empregar correctamente os termos supón un esforzo intelectual que fará que aumente o seu nivel cultural pero quen os

manexe con lixeireza e escaso coñecemento contribuirán a xerar confusión.

### 3.4. FASE DE BALEIRADO

Unha vez que seleccionamos o corpus comezamos a fase de extracción dos segmentos lingüísticos que consideramos como posibles transmisores de coñecemento.

Cada vez que fichamos un candidato a termo acompañámolo do contexto lingüístico onde aparece sempre coa referencia a páxina da revista e no caso dos termos analizados tamén ao número de liña no texto electrónico. Neste momento contamos coa axuda dun especialista na materia para que puidese facer un recoñecemento das unidades especializadas o máis axeitado posible.

Ao final deste baleirado aparecen en total 749 termos entre os once números da revista aínda que aparecen diferenzas cuantitativas dependendo dos meses nos que nos fixemos. Así, por exemplo en marzo atopamos 266 termos e en novembro e decembro só 16.

Con respecto ás categorías gramaticais cómpre indicar que 370 do total dos termos son substantivos masculinos, 335 substantivos femininos, 28 verbos transitivos, 14 adxectivos e 2 verbos pronominais.

### 3.5. FORMATOS

O traballo presentouse en dous formatos. Un, en papel onde aparece a teoría, os datos coas diferentes entradas dos diferentes termos que analizamos máis profundamente acompañados dos artigos correspondentes a eses mesmos meses en formato de Word, o resto das fichas terminolóxicas sen definición e as fotocopias das revistas cos artigos dos que extraemos a terminoloxía.

Tamén hai unha versión electrónica onde as definicións están en html e no seu contexto hai un enlace a todo o documento onde está ese contexto ademais de teren, algunhas definicións un enlace a varias definicións e diferentes linguas como o castelán, o inglés e o portugués.

Cómpre indicarmos que este formato electrónico está considerado o máis idóneo para representar a complexidade dos termos xa que nos permite establecer ligazóns entre eles mesmos e/ou os seus contextos dunha maneira máis doada e clara que outros programas informáticos.

## 4. FICHA TERMINOLÓXICA

A ficha é unha ferramenta que nos serve para sintetizar e sistematizar a información que consideramos pertinente no seu momento para a configuración do traballo. Para a elaboración destas fichas creamos unha base de datos en Microsoft Access que nos facilitou o labor da fichaxe. Para a elaboración do formato das fichas seguimos a norma ISO 12620 adaptándoa as nosas necesidades.

Os campos da ficha referidos á denominación e á súa documentación son os seguintes:

— A entrada: é o segmento lingüístico que illamos como termo, como transmisor do coñecemento neste dominio especializado. Aparece en letra minúscula, os nomes en masculino singular con variación de xénero se existe e os verbos en infinitivo. Os termos están adaptados á norma ortográfica e morfolóxica de 2003 e entre corchetes ao lado aparecen tal como os recolleemos. Aqueles termos que non están dentro da norma léxica tamén aparecen cun asterisco ao lado superior esquerdo.

— A categoría gramatical: deducímola do emprego que se fai do termo no contexto e no caso de dúbidas empregamos os dicionarios e o VOLGA para delimitala.

— O contexto: está formado por 4 ou 5 liñas que extraemos dos textos para que se vexa con máis claridade a función dese termo.

— Fonte: é a referencia do contexto. Aparece o mes o ano e a páxina.

### 4.1. DEFINICIÓN

En terminoloxía a definición é un elemento clave na descrición do concepto..

A definición terminolóxica é a expresión lingüística do concepto cunha referencia exclusiva ao dominio de especialidade. A súa función é representar o concepto, delimitalo con precisión na área de especialidade e determinar verbalmente os seus trazos semánticos pertinentes, aqueles que delimitan o concepto en relación con outros. Unha vez establecidas as súas características e as diferenzas con respecto a outros conceptos do dominio, procé-dese á descrición que, en liñas xerais, corresponde ao seguinte modelo (Fedor De Diego 1995: 53, 104):

{concepto = concepto xenérico + características restritivas (diferenza específica)}

Este modelo corresponde ao procedemento de descrición conceptual por comprensión ou intensión e consiste na enumeración ordenada, da máis xeral a máis específica, de todas as características que describen o concepto. Neste patrón de definición hai que ter en conta os seguintes aspectos:

*Descriptor:* palabra que introduce a definición, e tamén a denominación correspondente ao seu hiperónimo.

*Características conceptuais esenciais:* trazos suficientes e necesarios para a identificación dun concepto. O esencial ou non esencial para unha definición depende dos obxectivos e dos destinatarios das obras.

*Redacción.* Para redactar unha definición seguimos as indicacións enumeradas en Termcat (1990), Cabré (1993), Arnz e Picht (1995) e a norma ISO10241. Algunhas son: non introducir o termo definido no corpo da definición, evitar as definicións lexicográficas, manter un ton impersonal e obxectivo e unha orde sintáctica correcta,... Así mesmo débese adaptar o grao de complexidade e tecnicismo o máximo posible aos obxectivos do dicionario e aos usuarios aos que se dirixe.

En Wright e Budin (1997: 337), autores representativos da Teoría Xeral da Terminoloxía, os sistemas conceptuais, e polo tanto, as definicións en terminografía están baseadas principalmente na extensión e a intensión dos conceptos, o que fai que poidamos falar de definicións terminográficas intensionais e extensionais.

Nós, consideramos que poden existir múltiples tipos de definición dependendo do tipo de obra terminográfica que se queira facer e do público ao que vaia destinado o produto terminolóxico. De acordo coa TCT, inclinámonos por definicións que sexan informativas para os usuarios, mesmo que superen o esquema tradicional de intensión. Lorente (2001: 112) establece os seguintes parámetros:

As definicións por comprensión, parafrásticas, sinonímicas e, nalgúns casos as metalingüísticas poden ser modelos de definicións terminográficas.

Para lograr a coherencia cos postulados da TCT, as definicións deberían responder a:

- Recoñecemento do seu carácter parcial (simulación da poliedricidade a través da interrelación de definicións parciais.

- Indicación da caducidade.
- Variedade de contidos para cada perfil de usuario.
- Explicitación da polisemia e a variación conceptual.

Por isto, para a elaboración das definicións empregamos diferentes dicionarios técnicos da ciencia en xeral e da ecoloxía en particular coa idea de facelas máis comprensibles.

Na versión electrónica do traballo, hai unha ligazón a diferentes definicións destes termos atopadas na rede en diferentes idiomas, sobre todo en castelán, portugués e inglés. A presenza de varias definicións permite ver as distintas aproximacións ao concepto que fan diferentes especialistas. A utilización dun formato en HTML facilítanos a referencia a variadas descrições do concepto, tal e como se recomenda nas novas teorías terminolóxicas. A seguir, presentamos un exemplo (biodiversidade):

- Diversidade biolóxica da Terra, na que se inclúen todas as especies animais, vexetais e microorganismos, ademais de todos os organismos de que forman parte. Unha diversidade biolóxica é baixa cando unha colección contén poucas especies ou existen escasos individuos, e é elevada cando contén moitas especies e hai grande abundancia de exemplares (def. Glosario).
- Diversidad de seres vivos en un ecosistema. La diversidad mide la riqueza en especies mediante un índice que refleja la relación entre el número de individuos de cada especie y el número total de individuos de todas las especies presentes. Existen varios índices de diversidad, pero tienden a preferirse los basados en la teoría de la información cuyo valor puede expresarse en bits. [www.jmarcano.com/glosario/glosario\\_b.html](http://www.jmarcano.com/glosario/glosario_b.html) (cuantificación matemática)
- The number and variety of different organisms in the ecological complexes in which they naturally occur. Organisms are

organized at many levels, ranging from complete ecosystems to the biochemical structures that are the molecular basis of heredity. Thus, the term encompasses different ecosystems, species, and genes that must be present for a healthy environment. A large number of species must characterize the food chain, representing multiple predator-prey relationships.

[www.nsc.org/ehc/glossary.htm](http://www.nsc.org/ehc/glossary.htm) (bioloxía).

- variabilidade de organismos vivos de todas as orixens, comprendendo a totalidade de genes, especies, variedades, ecosistemas terrestres, marinhos e outros ecosistemas acuáticos e os complexos ecolóxicos de que fazem parte, comprendendo aínda a diversidade dentro de especies, entre especies e de ecosistemas. Sua utilidade é que permite producir o máximo de vida e biomassa por energia solar dispoñible por metro cuadrado de solo. [sistemasdeproducao.cnptia.embrapa.br/FontesHTML/BovinoCorte/BovinoCorteRegiaoSudeste/glossario.htm](http://sistemasdeproducao.cnptia.embrapa.br/FontesHTML/BovinoCorte/BovinoCorteRegiaoSudeste/glossario.htm) (ecoloxía).

#### 4.2. ÁRBORE CONCEPTUAL

A teoría clásica da Terminoloxía cría que os conceptos eran previos ás denominacións xa que entendían que estes conceptos eran delimitados e estruturados polos especialistas que posuían un coñecemento inmutable e perfectamente estruturado. Isto levou a considerar que a árbore conceptual debía estar establecida definitivamente antes de comezar o proceso de baleirado, xa que todo aquilo que non estivese dentro desta árbore estaría fóra do ámbito de especialidade.

Nós, de acordo con autores como Lorente (2001: 81) pensamos que isto sería factible en dominios moi ben estruturados pero non no noso caso. Consideramos a árbore como guía. Non debe ser rixida nin estática, senón dinámica e fomos modificándoa ao longo do proceso do traballo.

## 5. REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- ALVARIÑO, M.P. ET ALII. (2000): “Termigal: a terminoloxía científico-técnica en galego”. En: *Viceversa 6*. Departamento de Filoloxía Galega e Latina da Universidade de Vigo/ATG.
- AUGER, P.; ROUSSEAU, L.J. (1987): *Metodología de la recerca terminològica*. Barcelona: Generalitat de Catalunya, Departament de Cultura (Tradución e adaptación de M.T. Cabré).
- CABRÉ, T. (1993): *La Terminología. Teoría, metodología, aplicaciones*. Barcelona: Editorial Antártida/Empuries.
- (1999): *La Terminología. Representación y comunicación. Elementos para una teoría de base comunicativa y otros artículos*. Barcelona: Institut Universitari de Lingüística Aplicada.
- (2000): “Terminologie et linguistique: la théorie des portes”. En Réseau international francophone d’aménagement linguistique (ed.) *Terminologies nouvelles*, n.º 21 “Terminologie et diversité culturelle”. Bruxelles: Agence de la Francophonie: Communauté française de Belgique. pp. 10-15.
- (2003): “Theories of terminology. Their description, prescription and explanation”. En: *Terminology*, 9, 2, pp. 163-200.
- (2006): “La Terminología, una disciplina en evolución: pasado, presente y algunos elementos de futuro”. En *Revista Debate Terminológico*, n.º 1 [[http://www.riterm.net/revista/n\\_1/index.htm](http://www.riterm.net/revista/n_1/index.htm)]
- DE BESSÉ, B. (1997): “Terminological Definitions”. En Wright, S. E. y G. Budin (eds). *Handbook of Terminology Management*. Amsterdam: John Benjamins: 63-74.
- FEDOR DE DIEGO, A. (1995): *Terminología, teoría y práctica*. Caracas: Equinoccio.
- ISO / 704 (1987): *Principes et méthodes de la terminologie – Principles and methods of terminology*. Norme internationale – International Standard.
- ISO / 1087 (1994): *Terminology – Vocabulary - Terminologie – Vocabulaire*. Norme internationale – International Standard.
- ISO/DIS 12200 (1994): *Computational aids in terminology - Terminology Interchange Format (TIF) - An SGML Application*.
- LORENTE, M. (2001): “Teoría e innovación en terminografía: la definición terminográfica”. En: Cabré, M. T.; Feliu, J. (eds.) *La terminología científico-técnica*. Barcelona: Instituto Universitario de Lingüística Aplicada; IULATERM, pp. 81-113.
- PAVEL, S. E NOLET, D. (2001): *Précis de terminologie*. Ottawa: Bureau de la traduction, Direction de la terminologie et de la normalisation.
- REY, A. (1979): *La terminologie: noms et notions*. Paris: Presses Universitaires de France. Col. *Que sais je?* (2.ª ed. corrixida en 1992).
- (1995): *Essays on terminology*. Tradución de J. C. Sager, Amsterdam / Philadelphia: John Benjamins.
- RODRÍGUEZ RÍO, X. A. (1996): “Os traballos terminolóxicos en lingua galega: unha aproximación á súa situación e ás súas necesidades”. En *Cadernos de lingua* 13, pp. 35-74.
- (1998): “O tratamento dos préstamos na norma léxica do galego”. En *Verba* 25, pp. 293-322.
- (2003): *Metodoloxía do traballo terminográfico puntual en lingua galega*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
- SAGER, J. C. (1990): *A practical course in terminology processing*. Ámsterdam-Philadelphia: Johns Benjamins.
- (1994): “Terminology: Custodian of knowledge and means of knowledge transfer”. En *Terminology* vol 1, pp 7-16.
- (1996): *A Practical Course in Terminology Processing*. 2<sup>nd</sup> ed. Amsterdam: John Benjamins.
- TERMCAT (1990): *Metodologia del treball terminologic*. Barcelona: Departament de Cultura de la Generalitat de Catalunya.
- (1990a): *Manlleus i calcs en els treballs de terminologia catalana*. Barcelona.
- (1990b): *Formació de termes amb elements cultes*. Barcelona.
- WRIGHT, S. E.; BUDIN, G. (1997): *Handbook of terminology management*. Amsterdam: John Benjamins, 2 vols.
- WÜSTER, E. (1976): “La théorie générale de la terminologie- un domaine interdisciplinaire impliquant la linguistique, la logique, l’ontologie, l’informatique et les sciences des objets”. *Essai de définition de la terminologie*. Actes du colloque international de terminologie. Québec, Manoir du Lac Delage du 5 au 8 octobre 1975. L’Éditeur officiel du Québec.
- (1988): *Introducción a la teoría general de la terminología y a la lexicografía terminológica*. Barcelona: Universitat Pompeu Fabra – IULA